



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2020/G003/000261

RESOLUCIÓN

ASUNTO: ELEVAR A DEFINITIVA A LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS NA EIM RAÍÑA LUPA

EXPEDIENTE: 2020/S004/000001

ANTECEDENTES

Segundo o Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón, no seu artigo 3, punto 3.9, recolle que unha vez estudadas pola comisión todas as reclamacións presentadas e resoltas procederase á publicación da relación definitiva de admitidos/as e da listaxe de agarda no taboleiro do concello e no da EIM Raíña Lupa, coa puntuación obtida.

15/07/2020. Publicouse no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, na EIM Raíña Lupa e na páxina web www.boqueixon.es a lista provisional de admitidos e non producíndose no prazo estipulado ningunha reclamación.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Regulamento de Réxime Interno da Escola Infantil Raíña Lupa de Boqueixón

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos na EIM Raíña Lupa de Boqueixón aprobada mediante Resolución de Alcaldía nº 2020/G003/000222 do 14/07/2020.

SEGUNDO. No prazo de 15 días hábiles a partir da publicación da presente resolución, os pais dos admitidos deberán presentar no rexistro xeral deste concello en horario de 9:00 a 14:00 horas ou ben a través da sede electrónica, a seguinte documentación:

- ANEXO IV Aceptación da matrícula. (É obrigatorio anexar este formulario cumprimentado e asinado)
- Copia da tarxeta sanitaria da/o menor
- Certificado médico da/o menor
- Carné de vacinación actualizado

Nos últimos 5 días hábiles do mes de agosto asinarase o contrato de prestación de servizos e aportaranse catro fotografías tamaño carné.

TERCEIRO. Se finalizado o período de formalización da matrícula, esta non fose formalizada ou entregada toda a documentación sinalada no apartado anterior decaerá o dereito á praza obtida e tampouco quedará en lista de agarda.

CUARTO. Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da casa do concello e na Escola infantil municipal Raíña Lupa de Boqueixón e na páxina web www.boqueixon.es, para o coñecemento dos interesados, coa indicación de que lle pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderá interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Decreto Nº: 227/2020 - Fecha de decreto: 28/07/2020
Versión imprimible

CVD: pr5hYh7+M2e+8UDWzXth
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno

QUINTO. Dar conta da presente resolución ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Boqueixón, na data da sinatura dixital

Manuel Fernández Munín, alcalde

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor